

En consecuencia, en uso das atribucións que me foron conferidas,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Ampliar o prazo para a presentación das solicitudes, que será ata o 16 de abril de 2009.

Para todo o non previsto nesta orde, atenderase ás bases reguladoras e a convocatoria da Orde do 18 de marzo de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación das solicitudes que se acollan ao abeiro da Orde do 20 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a substitución de guindastres-torre desmontables para obras na Comunidade Autónoma de Galicia, no ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 41, do 27 de febreiro).

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2009.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

*Orde do 18 de marzo de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación das solicitudes ao abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (IN519B).*

A Consellería de Innovación e Industria ditou a Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas encamiñadas a habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 41, do 27 de febreiro).

No artigo 3.4º da citada disposición establécese que o prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Tendo en conta o número de solicitudes recibidas ata o momento, considérase necesario ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

En consecuencia, en uso das atribucións que me foron conferidas,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Ampliar o prazo para a presentación das solicitudes, que será ata o 16 de abril de 2009.

Para todo o non previsto nesta orde, atenderase ás bases reguladoras e a convocatoria da Orde do 19 de

febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas encamiñadas a habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 41, do 27 de febreiro).

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2009.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Resolución do 12 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, pola que se lle dá publicidade á solicitude de modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia ou Patata de Galicia.*

Con data do 2 de xullo de 2008, o Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia solicitou a modificación do prego de condicións relativo a esta indicación xeográfica, de conformidade co establecido no artigo 9 do R(CE) 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

A solicitude de modificación afecta varios aspectos do prego de condicións e da ficha resumo deste enviada á Comisión Europea no momento do seu rexistro, polo que a dita solicitude debe someterse, de acordo co indicado no artigo 5.5º do citado Regulamento 510/2006, a un procedemento de oposición dentro do Estado membro, garantindo unha publicación adecuada da solicitude e establecendo un prazo razoable durante o cal calquera persoa física ou xurídica que posúa un interese lexítimo e estea establecida ou resida no seu territorio poida declarar a súa oposición á solicitude.

En desenvolvemento do dito precepto, o Goberno de España ditou o Real decreto 1069/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas e a oposición a elas. No seu artigo 6 establécese que, unha vez comprobada a solicitude de modificación do prego de condicións, o órgano competente da comunidade autónoma publicará no BOE un anuncio da dita solicitude para que, no prazo de dous meses a partir da data da súa publicación no dito boletín, os interesados poidan opoñerse ao rexistro da modifica-